

Deporte escolar

Este curso escolar 2009/10 desfrutamos moito outro ano máis coas actividades do Programa “**Xogade**”:


As actividades foron moi variadas:



Campo a través na Fraga das Pontes



Xogamos ao Atletismo



Este ano acadamos uns resultados moi bos tanto en fútbol como en voleibol, quedando primeiros nas fases locais e intercomarcais, e terceiros na fase provincial de voleibol en categoría alevín masculino. Tamén quedamos segundos en fútbol, categorías benxamín e alevín.



Ademais os alevíns gañaron respectivamente a liga e o maratón de fútbol local das Pontes, actividades ambas nas que estaban presentes todos os colexios.



Actividades feitas ao longo do curso

Participamos como xa o viñamos facendo denden fai dous cursos no programa “Pequevoley”, resultando de moito interese para os nenos/as, ademais de poder contar co material do programa: rede e balóns de volei.



Andivemos en zancos, xogamos á Mariola, tamén xogamos cos diabólos e outros moitos xogos nos que desfrutamos moito.



DENDE A ANPA "PONTE ROMANA"

Dende a ANPA de Santa María tamén despedimos un curso cheo de actividades, eventos e ilusións. Celebramos festas tradicionais como o Magosto, o Nadal e o Entroido. Organizamos e axudamos economicamente en actividades como pintura, manualidades, teatro, tempo libre, karate ou piscina. Participamos en eventos deportivos como a carreira de San Xosé e a liga local de fútbol sala, sendo nesta os campeóns na categoría alevíns e benxamíns, e participamos nun torneo intercomarcal. Tamén viaxamos a Lugo para ver o partido Azcar de Lugo- Lobelle de Santiago. Así mesmo, celebramos o maratón de pais, nais e mestres e o maratón de nenos no mes de maio.

Despedimos este ano a parte dunha directiva (Mary, María, Eva, Adriana) que co seu esforzo e ganas de facer cousas, loitou estes últimos anos para que esta ANPA non deixase de existir.

E damos a benvinda a unha nova directiva con ilusión de continuar esta labor que é tan importante para todos nós, e sobre todo para os nosos fillos.

Temos que recordar que a ANPA é unha peza importante no desenvolvemento do curso escolar. E só nós,

os pais, co noso interese e a nosa vontade podemos conseguir que todas estas actividades non deixen de existir. Para poder levar a cabo moitas cousiñas que facemos é moi importante a colaboración do centro educativo e, neste sentido, temos que agradecer enormemente o gran apoio que sempre recibimos por parte da directiva e do persoal do colexio. Eles sempre están aí para escoitar as nosas propostas e para axudarnos no que poidan.

Despedímonos ata o curso que ven.

Un saúdo,

ANPA "Ponte Romana"

